

Álvarez Rodríguez, Rosana
Barreiro Castro, Cándida
Canosa Saa, José
Dorribo Rivera, José Miguel
Fariza Nóvoa, María
Fernández Nóvoa Alejandro

García Figueroa, Adrián
Martínez Piñeiro, Manuel
Pérez Cid, Benita
Pérez Juste, Ignacio
Ramos Docampo, Miguel Alexandre
Rodríguez Méndez, Manuel

ACTA DA COMISIÓN DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE QUÍMICA DO DÍA 8/3/2017

Ás 18:00 horas do día 8 de marzo de 2017 reúnese, na Aula de Videoconferencias da Facultade, a Comisión de Garantía de Calidade da Facultade de Química, previamente convocada, e coa asistencia dos membros reseñados, para tratar a seguinte

ORDE DO DÍA

1. Reunión coa Comisión Avaliadora para a renovación da acreditación do Grao en Química.

1. Comezou o Presidente da Comisión Avaliadora (CA) por presentar ós seus compoñentes a facer unha rolda de presentacións dos asistentes. A continuación comezou a rolda de preguntas por parte da CA, resumíndose a continuación coas respostas correspondentes:

- Enquisas de satisfacción: O ano 2014 cambiou o criterio de puntuación e poboación muestreada.

Responde D. José Miguel Dorribo Rivera, expoñéndose que se realizou un cambio de metodoloxía cuantitativa a cualitativa, centrando as enquisas sobre os estudantes de 3º curso.

- Xestión web: é preciso establecer mecanismos de coordinación de cambios, por exemplo no referido ás guías docentes.

Responde o Prof. Alejandro Fernández Nóvoa, afirmando que za se recolle ese mecanismo no proceso de avaliación das guías docentes. O Decano expón a estrutura da programación periódica anual da Facultade, que establece a elaboración de horarios, cronogramas, guías docentes, etc.

- O Programa de Acción Titorial (PAT) e os mecanismos de orientación profesional para os estudantes de 4º curso.

Responde o Prof. Alejandro Fernández Nóvoa explicando que este curso se organizaron obradoiros de búsqueda de emprego, e incrementouse o número de estudantes que realizan prácticas extracurriculares en empresa. D. Manuel Rodríguez Méndez destacou

a realización de mesas redondas sobre a Química nas empresas, e tamén sobre orientación laboral.

- Cambios de códigos de competencias respecto á memoria orixinal.

O Prof. Alejandro Fernández Nóvoa explica que a Universidade de Vigo pretende cos cambios de códigos unha reorganización xeral, que será de aplicación formal cando se produza unha modificación futura da memoria do título. Hai dous anos fíxose na facultade un estudio preliminar, propoñendo ós docentes unha avaliación do grado de adaptación e consecución de cada unha das competencias listadas na actualidade na ficha de cada materia.

- Qué mecanismos se propoñen para incrementar a participación nas enquisas.

O Prof. Alejandro Fernández Nóvoa expón que se envían recordatorios periódicos por correo electrónico ós estudantes de terceiro curso, que son os que deben cumprimentar as enquisas de satisfacción por parte do alumnado. Con esta medida conseguiu aumentarse a porcentaxe de participación dende ó 19% ata o 50 % actual. D. José Miguel Dorribo Rivera insistiu que, a nivel institucional, preténdese incidir no seu valor didáctico.

- Valoración da mobilidade de estudantes.

Responde o Prof. Manuel Martínez Piñeiro, expoñéndose que nos tres últimos anos se conseguiu aumentar a participación dos estudantes en programas de mobilidade internacional. Partindo unha situación donde só unha media de un estudante por ano participaba en programas de mobilidade saínte, á situación actual onde unha media de oito estudantes participan en diversos programas coma Erasmus+, Bolsas Propias de Intercambio da Universidade de Vigo ou Bolsas Santander. A Facultade considera que este número representa unha porcentaxe axeitada comparado co número total de matriculados no último curso de grao, aínda que se continuará traballando na promoción da mobilidade. Entre as medidas que se adoptaron para aumentar a mobilidade foi organizar reunións informativas a principio de cada curso, invitando á directora da Oficina de Relacións Internacionais, (ORI) para dar a coñecer todos os programas de mobilidade accesibles ós estudantes. O gra de satisfacción amosado polos estudantes que participaron nestes programas é moi elevado servindo tamén como valiosa ferramenta de publicidade entre o estudantado.

- Na composición da CGC non figuran estudantes de mestrado, ¿reciben estes estudantes de forma eficaz a información que precisan?

D. Adrián García Figueroa explica que a Delegación de Alumnos garante que a información se traslada de forma eficaz ós matriculados nos mestrados.

- ¿Queda claro o papel e tarefas da CGC entre os distintos estamentos que compoñen a Facultade?

O Decano responde que este coñecemento aínda é limitado, pero que se traballa conxuntamente coa Área de Calidade para que a cultura da Calidade chegue a todos os

sectores da Universidade. O Prof. Alejandro Fernández Nóvoa opina que a percepción xeral da Calidade e os seus procedementos mellorou moito na Facultade. D^a María Fariza Novoa explica que a Universidade de Vigo organiza cursos de formación para que os PAS e PDI melloren o seu coñecemento sobre os procesos de Calidade.

- Na composición da CGC aparecen tres membros do Equipo Decanal da Facultade, ¿supón isto un problema entre a comunicación entre éste e a CGC?.

Contesta D. José Miguel Dorribo Rivera que é decisión da Universidade de Vigo, recollida na súa reglamentación, que o/a Director/a de Centro, e o/a Secretario/a pertencen á CGC, como mínimo, en representación do centro.

- No Plan de Mellora, ¿que medidas se enfocaron na facultade de Química?

O Decano responde que se abordaron cambios estruturais, coma obras nas aulas e seminarios. Tamén se efectuaron cambios no sistema, procedementos, documentación, docencia, ou coordinación, por exemplo. D. José Miguel Dorribo Rivera explicou que tras o ciclo de acreditación, están reflexadas nos informes accións de mellora provintes de distintas fontes. É a intención da Universidade proceder a unificar e dotar de coherencia a todas estas propostas, co obxectivo de optimizar a súa implementación.

- O perfil de egreso da Facultade, ¿é compatible coa inserción laboral?

O Decano expón que se ten recabado información sobre o grao, con resultados claramente satisfactorios en sectores de actividade diversos. Na única enquisa institucional existente polo de agora, recóllese que o 40% de egresados que contestaron están traballando na actualidade. O Prof. Alejandro Fernández Nóvoa lembrou que o nivel de satisfacción amosado polos egresados cando se lles consultou sobre a adecuación das competencias adquiridas no grao é elevado. A Prof. Benita Pérez Cid expuso que os informes aportados polos titores das prácticas externas realizadas polos estudantes amosan un grao de satisfacción moi elevado. D. Manuel Rodríguez Méndez afirma que a bolsa de emprego do Colexio de Químicos rexistra un número decrecente de solicitudes, o que se valora como signo positivo respecto á cantidade de ofertas de emprego que reciben.

- ¿Cales son as debilidades do título de grao detectadas pola CGC?

O Decano interveu afirmando que por tratarse dunha titulación de perfil científico moi vocacional, o número de solicitudes de matrícula é menor que para outras titulacións de espectro máis xeral, problemática compartida con outras titulacións de ciencias básicas. Tamén se teñen detectado certas carencias formativas nos novos estudantes matriculados, que non dominan contidos incluídos nas programacións dos cursos de Bacharelato. Na estrutura do Grao, o segundo curso presenta un nivel de dificultade académica superior quizáis ó promedio da titulación, representando tamén unha diferenza de nivel de esixencia moi acusado respecto ó nivel do primeiro curso. A razón que se ten debatido é o comezo de impartición de materias específicas, que implica unha dificultade conceptual moi destacable.

- ¿É previsible que se produzan cambios importantes no Plano de Estudos do Grao?

O Prof. Alejandro Fernández Nóvoa explica que é preciso abrir un debate na Facultade para determinar o calado das modificacións a propoñer, pero a impresión actual é que non serán precisos cambios profundos, senón axustes puntuais respectando a estrutura actual do título.

- ¿Detectáronse problemas de coordinación na Facultade?

O Prof. Alejandro Fernández Nóvoa explicou que a coordinación resultou ser moi efectiva en cuestións coma materias complexas compartidas entre distintas áreas de coñecemento, axuste de contidos entre materias que se imparten de forma consecutiva, etc. Os resultados positivos destas reunións de coordinación poden deducirse a partir das opinións manifestadas polos estudantes nos informes das reunións do PAT. O Decano insistiu na utilidade das reunións de coordinación realizadas a distintos niveis, de coordinación de materia, de curso, e xeral a través da Xunta de Facultade.

- ¿A estrutura e composición das comisións delegadas garante a independencia na Facultade entre as actividades de análise e a toma de decisións? No informe de revisión pola dirección apréciase un compromiso claro coa política de xestión da calidade, destacando importantes esforzos, pero tamén poden suliñarse certas incoherencias na estrutura. As Comisións de Calidade deben ser continuistas, e independentes dos cambios nos equipos de dirección dos centros.

D. José Miguel Dorribo Rivera responde que na Universidade producíronse cambios institucionais importantes nesta área. A modificación da RPT permitiu a creación dunha unidade permanente de apoio á xestión da calidade dos centros.

- ¿É suficiente o apoio do persoal administrativo en tarefas de xestión da calidade?

O Prof. Alejandro Fernández Nóvoa responde afirmativamente a esta cuestión, destacando o fundamental apoio dos PAS consignados á Facultade, e tamén a labor dos borseiros asignados a tarefas de apoio na xestión da calidade.

- Na posible modificación da memoria do grao, ¿vaise tratar o axuste do nivel de carga de traballo do estudantado? Isto pode ser resultado da transición entre licenciaturas e graos, pero neste momento e coa experiencia acumulada é posible realizar un axuste máis fino.

O Decano expón que durante o proceso previo á implantación do grao a Facultade participou nunha experiencia de Plan Piloto, que permitiu unha prolongada reflexión sobre este proceso de transición. Tamén foi a chave da adaptación de metodoloxías realizada, e contribuíu á determinación precisa da distribución de carga de traballo para o estudantado.

- Estando o primeiro curso plantexado na memoria actual coma un curso de nivelación, ¿valorouse en algún momento a impartición dun curso 0 ós estudantes de novo ingreso?

O Decano contesta que non se ten recabado información entre os estudantes sobre a súa percepción sobre esta posibilidade, e tampouco ten xurdido coma suxestión por parte do corpo docente.

- Sobre a xestión das prácticas externas e o TFG, ¿considerárase que os procedementos actuais son consistentes?

O Prof. Alejandro Fernández Nóvoa explica que as prácticas externas son xestionadas pola Fundación UVigo, a canle establecida para isto pola institución. Respecto ós TFGs, a normativa propia da Facultade funciona de forma moi satisfactoria tras as modificacións aplicadas a principios do curso 2013/2014. O Decano indica que a este respecto é moi salientable o número de docentes que xa teñen participado coma titores de TFGs na Facultade.

E non habendo mais asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 20:00 horas do día sinalado, e como Secretario dou fe, co visto e prace do Decano.

O Secretario



Manuel Martínez Piñeiro



O Decano



Ignacio Pérez Juste